

DATA	06/07/2009
Nº	1188

1024 RBF/mcmm

Examinado o expediente tramitado para a contratación da execución da obra denominada "ENERGIAS ALTERNATIVAS EN EDIFICIOS MUNICIPALES", a adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración.

ANTECEDENTES

1. Con data 31 de maio de 2009, mediante a resolución nº 551, da Concelleira Delegada de Economía, Facenda, Réxime Interior e Seguridade, apróbase o expediente de contratación mediante procedemento aberto, trámite de urxencia, con multiplicidade de criterios de valoración da obra denominada "Energías alternativas en Edificios Municipales".

2. A tal efecto publícanse anuncios no BOP nº 80 e nº 86 de 08 e 17 de abril, respectivamente, e no perfil de contratante solicitando ofertas de empresas capacitadas para a súa realización.

A Mesa Xeral de contratación en sesión celebrada o día 13 de maio de 2009, analiza a documentación administrativa, e acorda admitir as seguintes ofertas, que corresponden ás empresas: COSERMO ESPAÑOLA, S.L., FONELEC-NOS, S.L.; SICE,S.A.; ELECNR; EFCAL INSTALACIONES Y MANTENIMIENTOS; CPS-REYCONS.S.L.-UTE; TECNOCONTROL, S.A.; COFRICO e UTE PAGOLAR, S.L.-RECONSAN, S.L., e conceder un prazo de tres días ás Empresas JOSE BUYO PAZ e UTE-ACISA-GRUPO AMAS, para completar a documentación.

En sesión de 19 de maio acórdase non admitir as ofertas presentadas polas Empresas JOSE BUYO PAZ, por non acreditar dispoñer da clasificación requirida, incumprindo o disposto no art. 14.4 do PCAP, e a UTE ACISA-GRUPO AMS, por non acreditar suficientemente a clasificación requirida.

A continuación procédese á apertura das ofertas técnicas presentadas, acordando remitilas aos servizos técnicos municipais que deberán emitir un informe debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación, agás os criterios cuantificabeis de xeito automático (oferta económica, proposta de redución de prazos e persoal a ocupar).

En sesión de 04 de xuño a Mesa de Contratación procede á apertura do sobre que contén a oferta económica e da documentación relativa aos criterios de valoración que deban avaliarse mediante a aplicación dunha fórmula. O exame das propostas pon de manifesto que a presentada pola empresa FONELEC-NOS, SL realízase por edificios, polo que a Mesa de Contratación acorda por unanimidade rexeitala por non axustarse ao establecido nos Pregos de cláusulas administrativas que rixen a licitación.

En sesión de 12 de xuño a Mesa de Contratación, analizadas as propostas, acorda outorgar as seguintes puntuacións:

DATA	06/07/2009
Nº	1188

NOMBRE	programa de traballo e protección ambiental	programa control calidade	proxecto seguridade e saúde	subtotal 1	prezo	prazo	FTE	subtotal 2	total
CPS	7,5	16	10	33,5	4,399	10	15	29,399	62,899
ELECNOR	12,5	15,4	10	37,9	2,907	4	0	6,907	44,807
TECNOCONTROL SA	12	8,4	10	30,4	3,744	6,6	0	10,344	40,744
COFRICO	8	8,9	8	24,9	4,254	9,3	0	13,554	38,454
SICE SA	13,5	10,35	7	30,85	4,063	3,2	0	7,263	38,113
UTE PAGOLAR-RECO SAN	11	13,85	8	32,85	1,563	3,2	0	4,763	37,613
COSERMO ESPAÑOLA SL	8,5	4,45	3	15,95	0,232	4,7	5,3	10,182	26,132
EFCAL INST Y MANT	3	9,74	5	17,74	4,246	1	0	5,246	22,986

A oferta que obtén unha maior valoración é a presentada pola UTE Construcciones en Piedra Sigrás SL y Reycons SL. Non obstante, ponse de manifesto que a súa oferta de redución de prazos está incurso en presunción de conter valores desproporcionados, tal e como son definidos pola cláusula 18 PCAP, ao ser o prazo de execución ofertado inferior ao 25% da media do total dos ofertados. Por elo, de conformidade có disposto no artigo 136.3 LCSP, concédese un prazo de 5 días a CPS-REYCONS.S.L.-UTE a fin de que xustifique a súa oferta.

O 18 de xuño a empresa presenta informe de xustificación de prazos de obra (nº rexistro de entrada 6227). O 2 de xullo o xefe de servizo do medio, servizos e obras emite un informe no que conclúe que analizada a documentación presentada, a oferta pode ser cumprida.

De conformidade co disposto no apartado 4 do artigo 136 LCSP, considerando a xustificación efectuada polo licitador e o informe técnico emitido, estímase que a oferta máis vantaxosa proposta pola Mesa de Contratación, que é a presentada pola UTE Construcciones en Piedra Sigrás SL y Reycons SL, pode ser cumprida a satisfacción da Administración.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1. O artigo 144 da lei 30/2007, pola que se aproba a lei de contratos do sector público (en adiante, LCSP), establece que no procedemento aberto con multiplicidade de criterios de valoración, a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, á vista da proposta pola Mesa de Contratación unha vez ponderados os criterios de selección establecidos no PCAP.

2. O artigo 135 LCSP establece que a adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada.

En base a todo o que

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Declarar a validez do acto celebrado

DATA	06/07/2009
Nº	1188

SEGUNDO.- Non admitir as propostas presentadas polas empresas JOSE BUYO PAZ, por non acreditar dispoñer da clasificación requirida, incumprindo o disposto no art. 14.4 do PCAP, e a UTE ACISA-GRUPO AMS, por non acreditar suficientemente a clasificación requirida.

Rexeitar a oferta presentada por FONELEC-NOS, SL, por non axustarse ao establecido nos Pregos de cláusulas administrativas que rixen a licitación.

TERCEIRO.- Adxudicar provisionalmente a obra "Energías alternativas en edificios municipais" á UTE Construcciones en Piedra Sigrás SL y Reycons SL. por ser a que presenta unha mellor oferta considerando os criterios de adxudicación establecidos, fixando o prezo en 418.499,21€, IVE incluído, (orzamento base: 360.775,18 €; IVE: 57.724,03 €), o prazo de execución en 50 días hábiles e o número de persoas a ocupar na execución da obra (en equivalente a tempo completo) en 34.

CUARTO.- Requirit ao adxudicatario provisional para que, durante o prazo de **10 días hábiles** contados dende o seguinte a aquel en que a adxudicación provisional se publique no perfil de contratante do órgano de contratación, presente a seguinte documentación:

a) Documentación xustificativa de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ambas as circunstancias poderán tamén acreditarse mediante o achegamento do certificado expedido polo Rexistro de Licitadores que acredite os anteriores extremos.

b) Xustificante de estar dado de alta no Imposto sobre Actividades Económicas e ao corrente no pagamento do mesmo, achegando para o efecto copia da carta de pagamento do último exercicio, á que se acompañará unha declaración responsable de non estar dado de baixa na matrícula do citado imposto. No caso de estar exento deste imposto presentarán declaración xustificativa ao respecto.

c) Documento acreditativo de ter constituído a garantía definitiva por importe do 5 por cento do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido, por calquera dos medios a que se refire o art. 84 da LCSP.

d) Escritura pública de formalización da Unión Temporal de Empresarios, que debe ter unha duración coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

QUINTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, en cumprimento da cláusula 28 do prego de cláusulas administrativas particulares, antes da formalización do contrato deberá aboar en concepto de anuncios de licitación as seguintes cantidades:

BOP nº 80 de 08/04/2009 : 197,64 €

BOP nº 86 de 17/04/1009 : 97,20 €

SEXTO.- Comunicar ao adxudicatario provisional que, unha vez transcorrido o prazo establecido no parágrafo segundo, se non se procedese á adxudicación definitiva do contrato a quen resultara adxudicataria provisional por non cumprir as condicións necesarias para isto, a Corporación procederá a efectuar unha nova adxudicación

DATA	06/07/2009
Nº	1188

provisional ás interesadas seguintes a aquela, por orde de clasificación das súas ofertas na valoración, sempre que isto fose posible.

SETIMO.- De conformidade co disposto polo artigo 135.3 LCSP, notificar a presente resolución aos licitadores e publicar a adxudicación provisional no perfil de contratante do órgano de contratación, establecendo o prazo de cinco días hábiles a partir de tal publicación para facilitar información aos licitadores interesados sobre os motivos de rexeitamento da súa proposición e das características da proposición do adxudicatario que foron determinantes da adxudicación ao seu favor.

Contra o presente acto administrativo de trámite, cualificado en canto decide directa ou indirectamente o fondo do asunto, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía-Presidencia, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do presente acto, ao abeiro do establecido no artigo 117.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses, desde o día seguinte ao da recepción da presente notificación, de acordo co establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

Non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo, se se interpuxera o potestativo de reposición, en tanto non se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do mesmo polo transcurso do prazo dun mes desde a súa interposición, de acordo co establecido no artigo 117.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

Neste caso, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses desde a resolución expresa do recurso, a contar desde o día seguinte ao da notificación do mesmo; ou ben, seis meses, a contar desde o día seguinte en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo o citado recurso potestativo de reposición.

En todo caso, poderá interpoñer calquera outro recurso que estime conveniente para a defensa dos seus intereses.

Culleredo, 3 de xullo de 2009
A proposta de
O xefe de sección de xestión
orxamentaria

Conforme coa proposta, elévase a resolución
Culleredo,
A concelleira delegada de economía, facenda, réxime
interior e seguridade

Roberto Babío Fernández

Alicia Ferreiro Varela
(Resolución nº 1210/07 de data 2 de xullo de 2007; BOP nº176 , de 1/8/2007)

Dou fe,
O secretario xeral

Intervenido e conforme,
A interventora xeral

Raúl Martínez Martínez

Ana Mª Prieto Martinez